

O Convenio Galego do PDI laboral

Dende o mes de Xaneiro estámonos reunido en Santiago os sindicatos máis representativos da universidade galegas, cos responsables das universidades de Santiago, Vigo e A Coruña, así como co Director xeral de Universidades da Xunta de Galicia, para negociar o I Convenio Colectivo para o PDI laboral do Sistema Universitario Galego. CCOO foi a primeira central sindical que puxo un texto íntegro enriba da mesa, grazas á colaboración e o esforzo dos profesores e investigadores que nas tres universidades nos estivemos a reunir para elaborar una proposta única que ten como os seus obxectivos principais a equiparación das condicións laborais e retributivas máis beneficiosas para todo o PDI no ámbito galego, a esixencia as tres institución para que fagan un esforzo económico que asegure a carreira docente para o PDI laboral e incluír baixo o amparo do Convenio a todo o persoal que teña un contrato laboral asinado coas Universidades, sexan docentes ou investigadores, mellorando as condicións laborais de todo un colectivo que neste momento so ten como marco legislativo o Estatuto dos Traballadores.

Xa na primeira reunión, se saudou a presenza do Director Xeral de Universidades, e tanto dende os sindicatos: CIG, CCOO, UXT e CSIF, como dende as tres Universidades se lle solicitou a posta en marcha dunha Mesa Xeral de Universidades para negociar moitos dos temas que estamos a tratar neste Convenio e outros asuntos que nos afectan por igual a todos e que incomprensiblemente agora mesmo nos están a diferenciar. . Xosé Ramón Leis Fidalgo, o director xeral, entendeu esta petición como prioritaria para o futuro do sistema universitario de Galicia, e comprometeuse a facer os esforzos necesarios para poñela en marcha.

CCOO valora moi positivamente este proceso negociador no que o noso sindicato está a participar activamente co obxectivo de acadar un Convenio que garanta o presente e o futuro do persoal docente e investigador con contrato laboral.